



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos

Materia	Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos			
Código	O05G120V01103			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Conde Rodríguez, María Ángeles			
Profesorado	Conde Rodríguez, María Ángeles Pérez Nóvoa, Verónica			
Correo-e	angelesconde@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/educacion-ou/			
Descrición xeral	Trátase dunha materia de carácter básico, situada no primeiro curso do grao de educación primaria. Facilita a comprensión das claves do desenvolvemento humano e os cambios que teñen lugar nos procesos psicolóxicos (memoria, cognición, linguaxe, etc.) ao longo do período de 6 a 12 anos. Estes coñecementos son fundamentais na formación de mestres xa que representan unha ferramenta indispensable para poder contribuir ao desenvolvemento de nenos e nenas a través dunha axeitada planificación dos seus procesos de aprendizaxe.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
A8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
A9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
A10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer as características dos estudantes de primaria así como os seus contextos coa finalidade de estimular e potenciar o desenvolvemento persoal de nenos e nenas.	A2 A4	B1 B2
Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade dos estudantes de primaria.	A4	B1 B2 B6

Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación en psicoloxía do desenvolvemento na idade escolar.	A2 A8 A10	B2 B8 B16 B17
Promover o traballo autónomo e en equipo coa finalidade de mellorar o logro académico e desenvolver estratexias que permitan posteriormente participar na mellora dos procesos de desenvolvemento a través das prácticas educativas.	A2 A4 A9 A10	B7 B8 B9 B15 B16

Contidos

Tema	
Paradigmas e teorías do desenvolvemento humano.	Desenvolvemento psicolóxico. Controversias conceptuais. Modelos e teorías explicativas do desenvolvemento.
Contextos e factores do desenvolvemento na idade escolar.	Contextos humanos de desenvolvemento. A interacción como contexto de desenvolvemento. Desenvolvemento, aprendizaxe, cultura e educación. Ámbitos de socialización: Socialización a través da familia. Socialización no ámbito escolar. O xogo. Os medios audiovisuais.
Desenvolvemento físico e psicomotriz dos 6 aos 12 anos.	Desenvolvemento físico e habilidades motrices. Desenvolvemento dos sistemas de acción. Desenvolvemento da grafomotricidade: debuxo e escritura.
Desenvolvemento Cognitivo e intelectual dos 6 aos 12 anos	Desenvolvemento da atención, memoria e coñecemento. Pensamento operacional concreto. A metacognición. Comunicación, linguaxe e pensamento.
Desenvolvemento comunicativo e da linguaxe entre os 6 e os 12 anos.	Comunicación, linguaxe e pensamento. Desenvolvemento da linguaxe: morfosintáctico, semántico e pragmático. Capacidades metalingüísticas. Lectura e escritura.
Desenvolvemento da personalidade e afectivo-emocional entre os 6 e os 12 anos.	Desenvolvemento afectivo. Construción da identidade. Autoconcepto e autoestima. Tipificación de xénero e roles de xénero.
Desenvolvemento social: interaccións e relacións sociais dos 6 aos 12 anos.	Coñecemento social das relacións interpersoais e dos sistemas sociais. Contexto e desenvolvemento de normas e valores. Razoamento moral e conduta moral. Conduta prosocial. Interaccións sociais e relacións co grupo de iguais.
Desenvolvemento na adolescencia.	Significado evolutivo da adolescencia. Pensamento formal. Desenvolvemento do autoconcepto. Identidade. Roles de xénero. Desenvolvemento psicosexual. Relacións sociais durante a adolescencia: familia e iguais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	5	0	5
Estudos/actividades previos	0	15	15
Traballos de aula	16	10	26
Presentacións/exposicións	7	4	11
Debates	4	6	10
Traballos tutelados	10	22	32
Titoría en grupo	7	8	15
Probas de tipo test	2	10	12
Cartafol/dossier	0	15	15
Informes/memorias de prácticas	1	6	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición
Actividades introdutorias Actividades dirixidas a: <ul style="list-style-type: none"> - presentación da materia - tomar contacto cos estudantes - recoller información sobre coñecementos e motivacións dos estudantes

Sesión maxistral	Exposición por parte da docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo e as súas bases teóricas
Estudos/actividades previos	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán no aula de forma autónoma por parte do alumnado.
Traballos de aula	Proposta e resolución de actividades e traballos de grupo na aula baixo a supervisión da docente.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo
Debates	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
Traballos tutelados	Resolución de actividades, estudo de casos, elaboración de documentos sobre a temática da materia, tanto no aula como fose dela, baixo a dirección da docente
Titoría en grupo	Entrevistas que os grupos manteñen coa docente para asesoramento, apoio e seguimento das actividades da materia. Teñen como obxecto facilitar o desenvolvemento e progreso do informe e memoria de prácticas e a súa realización axustada.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Orientacións ao alumnado de forma presencial (en aula ou titoría) ou de forma non presencial (correo electrónico ou campus virtual) sobre cuestións relacionadas coas propostas de traballo, os informes ou calquera actividade de aula.
Titoría en grupo	Orientacións ao alumnado de forma presencial (en aula ou titoría) ou de forma non presencial (correo electrónico ou campus virtual) sobre cuestións relacionadas coas propostas de traballo, os informes ou calquera actividade de aula.
Traballos de aula	Orientacións ao alumnado de forma presencial (en aula ou titoría) ou de forma non presencial (correo electrónico ou campus virtual) sobre cuestións relacionadas coas propostas de traballo, os informes ou calquera actividade de aula.
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Orientacións ao alumnado de forma presencial (en aula ou titoría) ou de forma non presencial (correo electrónico ou campus virtual) sobre cuestións relacionadas coas propostas de traballo, os informes ou calquera actividade de aula.
Informes/memorias de prácticas	Orientacións ao alumnado de forma presencial (en aula ou titoría) ou de forma non presencial (correo electrónico ou campus virtual) sobre cuestións relacionadas coas propostas de traballo, os informes ou calquera actividade de aula.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Avaliación das actividades desenvolvidas polo estudante no aula tales como exposicións, análises de casos, debates, etc. sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto, etc. Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo.	20
Probas de tipo test	Probas que inclúen preguntas pechadas con varias alternativas de resposta.	30
Cartafol/dossier	Cartafol que inclúe de forma sistematizada un conxunto de documentos e evidencias realizados polos estudantes de forma individual e colectiva que son indicadores de cal foi o seu traballo respecto das actividades da materia no que debe mostrarse dominio suficiente dos contidos, relacións significativas entre os contidos e debe estar expresada de xeito sistematizada e coherente.	20
Informes/memorias de prácticas	Realización de informes das actividades prácticas nos que se desenvolvan, relacionen, organicen os coñecementos e se presenten conclusións propias dos estudantes sobre as mesmas.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para optar á avaliación continua esíxese a asistencia regular de, polo menos o 80%, das sesións de clase, traballos tutelados e titorías de grupos.

Para superar a materia será necesario que os estudantes obteñan en cada proba ou actividade obxecto de avaliación como mínimo o 50% da cualificación de cada apartado.

Aqueles estudantes que non superen algunha das probas de avaliación poderán recuperalas nas datas oficiais correspondente á segunda avaliación, no mes de Xullo.

No caso de que algún estudante non poida seguir a avaliación continua e o traballo en grupo titorizado polas docentes realizará unha proba de contidos teóricos sobre a materia, que suporá un 70% da nota e un traballo teórico-práctico ao que lle corresponderá o 30% da cualificación final. Para superar a materia será preciso que os estudantes obteñan en cada unha das partes (teórica e práctica) un 50% da cualificación total das mesmas.

As datas para a realización dos exames serán as mesmas que os estudantes de avaliación continúa.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo 'datas exames 2013-14'

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Delval, J. (1994). El desarrollo humano . Madrid: Siglo XXI.

Muñoz, A. (coord) (2010). Psicología del desarrollo en la etapa de Educación Primaria . Madrid: Pirámide

Palacios, J, Marchesi, A. y Coll, C. (comps.) (1999). Desarrollo psicológico y educación: Vol. I. Psicología Evolutiva . Madrid: Alianza Editorial.

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento/O05G120V01204

Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar/O05G120V01205

Outros comentarios

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.

- A asistencia continuada ás sesións de clases e ás tutorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes

- O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.
